



## Concello da Pastoriza (Lugo)

**EXPEDIENTE NÚM: 437/2024**  
**ASUNTO: CONTRATACIÓN "RENOVACIÓN E MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL DE AUGA NO NÚCLEO DE VILAGORMAR-PQ. POUSADA".**

Mediante o presente notifícase a Resolución ditada polo Alcalde Presidente do Concello da Pastoriza, núm. 2024-0284 de data 04/09/2024 do seguinte tenor literal:

### "DECRETO DE ALCALDÍA

**DON DARÍO CABANEIRO SANTOMÉ/** Na Pastoriza na data da sinatura

Visto o expediente nº 437/2024 relativo ó contrato de obras para a "RENOVACIÓN E MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL DE AUGA NO NÚCLEO DE VILAGORMAR-PQ. POUSADA" para a súa adxudicación por procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, con múltiples criterios de adxudicación.

Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

Tipo de contrato:	Obras
Obxecto do contrato:	Contratación obra "RENOVACIÓN E MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL DE AUGA NO NÚCLEO DE VILAGORMAR-PQ. POUSADA"
Procedemento de contratación:	Aberto simplificado
Tipo de Tramitación:	Ordinaria
Código 45232150-8 45232151-5	Traballos relacionados con tuberías de distribución de auga Traballos de construción de reacondicionamiento de canalizacións de auga.
Valor estimado do contrato:	51.503,80 €
Orzamento base de licitación IVE excluído:	51.503,80 €
IVE %:	21% (10.815,80 €)
Orzamento base de licitación IVE incluído:	<b>62.319,60 €</b>
Duración do contrato	3 meses en todo caso antes do 01 de novembro de 2024
División en lotes:	NON

Visto que durante a licitación presentáronse as seguintes ofertas:

#### LICITADOR 1

CIF B27463488

Razón social: **URBACONSA LUGO SL**

Fecha de presentación: 20/08/2024 18:49:27

#### LICITADOR 2

CIF B27121961

Razón social: **CONSTRUCCIONES CARBALLEIRA SL**

Fecha de presentación: 20/08/2024 11:35:20





## Concello da Pastoriza (Lugo)

Visto que con data 21 de agosto de 2024 constituíuse a Mesa de contratación, e procedeuse á apertura do **SOBRE ÚNICO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA "RENOVACIÓN E MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL DE AUGA NO NÚCLEO DE VILAGORMAR – PQ. POUSADA"** obtendo o seguinte resultado:

	PREZO (SEN IVE)	PRAZO EXECUCIÓN	AMPLIACIÓN PRAZO GARANTÍA
LICITADOR	51.503,80	3 MESES (72 días naturais)	12 meses
NIF: B27463488 Razón Social: <b>URBACONSA LUGO SL</b>	47.251,00	72,00	48
NIF: B27121961 Razón Social: <b>CONSTRUCCIONES CARBALLEIRA SL</b>	41.383,30	29,00	12

Visto que a Mesa de contratación procede á valoración das ofertas nos termos previstos no ANEXO X dos pregos co seguinte resultado.

LICITADOR	PREZO 0-10 PUNTOS  51.503,80 P= PM x OMB/Lo Siendo: P= Puntuación de cada oferta. PM= Puntuación máxima. OMB= Oferta más baja. Lo= Oferta a puntuar	PRAZO EXECUCIÓN 0-4 PUNTOS TRES meses (72 días naturales)  4 puntos menor prazo 0 puntos no reduccion  resto proporcional	AMPLIACIÓN PRAZO GARANTÍA 0-2 PUNTOS  12 meses 2 puntos maior ampliación 0 puntos sin ampliación resto proporcional	TOTAL VALORACIÓN (16 puntos)
	valoración	valoración	valoración	
NIF: B27463488 Razón Social: <b>URBACONSA LUGO SL</b>	8,76	0,00	2,00	<b>10,76</b>
NIF: B27121961 Razón Social: <b>CONSTRUCCIONES CARBALLEIRA SL</b>	10,00	4,00	0,50	<b>14,50</b>

Visto que a Mesa de contratación acordou requirir a "CONSTRUCCIONES CARBALLEIRA S.L." con





## Concello da Pastoriza (Lugo)

CIF: B27121961 ao ser o candidato con mellor puntuación para que no prazo de SETE (7) DÍAS HÁBILES a contar desde o envío da comunicación presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos segundo cláusula 2.3.2 dos pregos (certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas clasificadas do Sector Público ou no Rexistro de Licitadores e empresas clasificadas da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme e en todo caso os relacionados no Anexo VI e resto de documentación acreditativa de cumprir cos requisitos previos a contratación non presentados con anterioridade.

Con data 23/08/2024 núm rexistro 2024-E-RE-440 a mercantil "CONSTRUCIONES CARBALLEIRA S.L" presenta a documentación requirida.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Adxudicar definitivamente o contrato de obras "RENOVACIÓN E MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL DE AUGA NO NÚCLEO DE VILAGORMAR – PQ. POUSADA" nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas a:

LICITADOR	CIF	PREZO	AMPLIACIÓN PRAZO GARANTÍA (meses)	REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN (días naturais)
CONSTRUCIONES CARBALLEIRA S.L	B27121961	41.383,30	12	29

**SEGUNDO.-** Dispor o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 161-61900 do orzamento vixente de gastos.

**TERCEIRO.-** Publicar anuncio de adxudicación no perfil de contratante en prazo de 15 días.

**CUARTO.-** Designar como responsable do contrato ao enxeñeiro técnico agrícola Marcos López Fernández, redactor do proxecto técnico.

**QUINTO.-** Notificar a CONSTRUCIONES CARBALLEIRA S.L con CIF núm. B27121961 adxudicatario do contrato.

**SEXTO.-** Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

**SÉTIMO.-** Publicar anuncio de formalización do contrato no Perfil de contratante en prazo non superior a quince días tras a perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**OITAVO.-** Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co detalle correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

**NOVENO.-** Remitir ao Tribunal de Contas una copia certificada do documento no que se formalizou o





## Concello da Pastoriza (Lugo)

*contrato, acompañada dun extracto do expediente en que se derive. Todo iso, dentro dos tres meses seguintes á formalización do contrato.*

*Mándao o Sr. Alcalde- Presidente do que eu Secretaria accidental dou fe."*

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante este órgano, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo desta Provincia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito

A secretaria,

Asdo: M<sup>a</sup> Belén López López

